



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de xaneiro de 2022
Duración	Desde as 19:35 ata as 22:17 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ





Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Sometido a votación a acta da sesión ordinaria de 24/11/2021 e a da sesión extraordinaria de data 27/12/2021 son aprobadas por unanimidade.

Expediente 1000/2021. Elaboración e Aprobación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, é a seguinte:

“APROBACION DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2022. EXPEDIENTE Nº: 1000/2021

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2022.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Por acordo plenario de data 27/12/2021 aprobouse inicialmente o expediente do Orzamento Municipal 2022, segundo o anuncio publicado no BOP de Lugo de data 29/12/2021 (número 297).

Vista a alegación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Unión Sindical Obrera (USO) con RE: 127 de 7/01/2022, donde alega o seguinte:

“RECLAMACIONES

PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus





Concello de Guitiriz

intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-

SEGUNDA.- Visto el Anexo de Personal del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2022, es insuficiente el crédito previsto, pues resulta necesario:

- Reducir la elevada temporalidad existente en la plantilla municipal.*
- Cubrir las plazas vacantes en el Cuadro de Personal.*
- Aumentar los efectivos de la Policía Local, al menos para un tener un Cuerpo.*
- Proceder a un proceso de estabilización del empleo temporal.*

TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad.

Por todo lo anterior, formulo las presentes RECLAMACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2022, porque es necesario reducir la elevada temporalidad, cubrir definitivamente las plazas vacantes, estabilizar a los empleados públicos temporales, y aumentar los efectivos para la creación del Cuerpo de la Policía Local."

Visto o informe de intervención 2022-0022 de data 21/01/2022 no que conclúe que:

"...A valoración como insuficiente do crédito previsto para unha serie de cuestións, non é compartida polo informante: o orzamento do concello de Guitiriz está configurado, real e potencialmente, para dar cobertura a calquera obrigación legal concreta e cuantificada que sexa aprobada en calquera momento conforme a dereito (como son as contidas nas leis de orzamentos do Estado), obrigación reforzada por art. 187 do RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, que dispón "A expedición das ordes de pago haberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesouraría que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal".

En razón do exposto, propónse a desestimación da reclamación presentada."

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE, e cos votos en contra do PP e abstención do BNG, adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Contestar a alegación presentada no trámite de exposición pública do Orzamento Municipal 2022 no seguinte sentido, de acordo co informe de intervención 2022-0022 que obra no expediente:

"A Relación de Postos de Traballo non é máis que un instrumento para a xestión dos recursos humanos do municipio, cumprindo o Anexo de persoal unha finalidade meramente orzamentaria.

Certo é que se aprecia un desaxuste entre a Relación de Postos de Traballo e Anexo de persoal, pero amparado polo ordenamento xurídico, pois os seus fins, extensión, detalle e contido son distintos, en particular, o segundo contempla o gasto que supoñen as retribucións do persoal que efectivamente desenvolve un posto dentro do Concello.

É o Anexo de persoal o que responde á realidade orzamentaria municipal e que os traballadores que no mesmo se conteñen perciben puntualmente as súas retribucións polo desempeño dos postos que ocupan ao estar suficientemente dotados orzamentariamente.

A Relación de Postos de Traballo, pola contra, non responde a esa realidade, é un instrumento técnico de ordenación do persoal e de racionalización das estruturas





Concello de Guitiriz

administrativas de acordo coas necesidades dos servizos, mediante o que se determinan as necesidades de persoal, defínense os requisitos esixidos para o desempeño dos postos de traballo e clasifícase cada un deles.

No concreto ámbito da administración local os art. 90.2 da LRBRL e 126.4 do RDL 781/1986 de 18 de abril establecen a obrigas das entidades locais de formar a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización.

Todos eles baixo a cobertura e no que non contradigan a norma básica actual, o art. 74 do Estatuto Básico do Empregado Público: "As Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional,, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos."

En todo caso, os postos de persoal dotados orzamentariamente son, á vez, postos previstos na Relación de Postos de Traballo.

Ditas relacións teñen conexión directa coa estrutura óptima da organización para o cumprimento dos seus fins, trazando previsións para a súa evolución futura, mentres que os persoais cumpren unha función orzamentaria.

A valoración como insuficiente do crédito previsto para unha serie de cuestións, non é compartida polo informante: o orzamento do concello de Guitiriz está configurado, real e potencialmente, para dar cobertura a calquera obrigación legal concreta e cuantificada que sexa aprobada en calquera momento conforme a dereito (como son as contidas nas leis de orzamentos do Estado), obrigación reforzada por art. 187 do RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, que dispón "A expedición das ordes de pago haberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesouraría que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal".

En razón do exposto, propónse a **desestimación da reclamación presentada.**"

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente en aplicación do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria, o límite inicial de gasto non financiero (Capítulos 1 a 7 de gastos) para este exercicio, que ascende á contía de 4.104.611,29.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente do Orzamento Xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio económico 2022, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 4.020.444,42 € segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	GASTOS	INGRESOS
1	2.501.494,42	1.211.972,17
2	1.344.750,00	45.000,00
3	4.000,00	552.700,00
4	77.700,00	2.198.272,25
5	20.000,00	0,00
6	60.000,00	0,00
7	0,00	0,00
8	12.500,00	12.500,00
9	0,00	0,00





Concello de Guitiriz

TOTAL	4.020.444,42	4.020.444,42
--------------	---------------------	---------------------

CUARTO.- Aprobar definitivamente a Plantilla de persoal que se acompaña como Anexo ao proxecto de Orzamento.

QUINTO.- Aprobar definitivamente en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a masa salarial do persoal laboral recollido neste Orzamento por importe de 1.161.427,31 €, integrada por todos conceptos retributivos individualizables respecto ao persoal laboral, nos termos das Leis de orzamentos xerais do Estado.

SEXTO.- Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación definitiva.

SEPTIMO.- Facultar á Alcaldía para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo."

Aberto o debate pola Presidencia, aclara que no trámite de exposición pública houbo unha alegación por unha organización sindical e que unha vez estudada e desestimada volveuse a traer o texto ao Pleno para que entre en vigor.

O voceiro do PP di que lles sorprende moito a minorización da cantidade económica respecto ao ano 2021.

Nós tamén somos coñecedores dunha alegación da Unión Sindical Obreira (USO) presentada no rexistro do concello de data 7/01/2022.

Nosoutros votamos en contra do orzamento dado que a maior contía destínase a persoal e non queda practicamente nada para a execución de obras e mantemento dos servizos necesarios, e parécenos imposible que o concello poda subsistir con esta gran gasto posto que este concello non xera riqueza ningunha e é imposible que un concello de pouco mais de 5000 habitantes teña, entre funcionarios/as e traballadores/as, mais de 100, ao final vaise todo en soldos e seguridade social, a parte dos soldos dos políticos/as.

O que máis nos chama a atención é que cando o Partido Popular de Guitiriz reclama mais coidado das cousas xa feitas, como pode ser a Ruta da Auga se nos conteste que non hai traballadores/as.

O que si é certo é que cando o concello de Guitiriz esta gobernado polo PSOE este medra en funcionarios/as e traballadores/as, como así sucedeu coa Sra. Polín e parece que vostede quere seguir os seus pasos xa que este concello é a primeira empresa en número de traballadores e iso fai que sexa ineficaz porque non hai os suficientes cartos para manter os servizos e por iso moitos deles están cuasi abandonados.

O voceiro do BNG di que como xa dixemos no anterior Pleno, no que se debateron os orzamentos do Concello para este ano 2022, vostede non fai mais que pasar o rolo por riba da oposición. De vez en cando tamén damos ou suxerimos algunha idea ou iniciativa boa, pero a vostede iso dálle o mesmo, non conta co BNG para nada. Este concello non mellorou nada dende que vostede está de xefa, e digo xefa e non Sra. Alcadesa porque aquí neste concello non se fai nada, nin se move unha pluma sen o seu permiso.

Son os terceiros orzamentos que elabora e non fan mais que baixar a cantidade orzamentada, prorrogue os do ano anterior ata que saiba o que vai recibir do Plan Único da Deputación, do Plan de Mellora de Camiños e do Fondo de Compensación Ambiental e polo menos terá unhas contas reais.

Comenta vostede que lle resulta complexo a súa elaboración, leva gastados mais de 8 millóns





Concello de Guitiriz

de euros, en que se lle notou a Guitiriz a Parga ou a calquera parroquia do Concello nestes dous anos e medio? Isto realmente é o que queren saber as veciñas e veciños, e ver algo do que vostede fixo, desgraciadamente o que ven a diario e a escombreira do solar da casa da Botica.

Tampouco sabemos si recapacitou, ou segue coa idea de pechar o PAI no mes de agosto, gustaríanos que o aclarara pois hai xente pendente deste tema.

En definitiva, non votamos a favor o día 27 de decembro, nin o vamos a facer hoxe, porque con vostede como Alcaldesa non se ve ningún futuro para Guitiriz.

A Sra. Alcaldesa di que como non pode ser doutra maneira aos funcionarios/as e traballadores/as hai que pagarlles as catorce pagas anuais que lles corresponde.

En canto a cantidade de persoal a que fai referencia, nós o que defendemos é que os servizos aos cidadáns teñen que ser de xestión directa e para prestar eses servizos hai que ter persoal. Outra opción sería privatizar todos os servizos públicos como lle gusta ao PP pero non é unha opción deste equipo de goberno. Soamente no departamento de Benestar Social, que é a un dos departamentos que mais importe se destina, con case a metade do persoal dos orzamentos, soamente o SAF ten que ter permanentemente contratada entre 30 e 35 persoas para dar o servizo e aínda así non podemos cubrir toda a demanda e hai xente en lista de espera. E así o resto de servizos esenciais como recollida de lixo, limpeza etc.

En canto a porque non se prorrogan os orzamentos é porque a lei di que os presupostos deben estar feitos e aprobados antes do 31 de decembro.

En canto ao peche do PAI dicir que no Regulamento de Funcionamento do PAI, e este non foi aprobado nesta lexislatura, xa contempla a posibilidade de pechalo. Por outro lado dicir que non hai ningún pai/nai des-informado porque todos os pais que pediron información por escrito recibiron información por escrito.

O único certo é que durante estes dous anos e medio que levamos no goberno este equipo tivo que dedicar unha parte moi importante do seu presuposto a mitigar os efectos da pandemia.

O voceiro do PP di que en canto ao persoal hai concellos similares a este que non teñen tantos traballadores/as e funcionarios/as e cun orzamento incluso mais alto que o noso. Gustaríanos saber porque o orzamento deste ano é inferior ao do ano pasado?

O voceiro do BNG di que a lei obriga a facer e aprobar os orzamentos antes do 31 de decembro pero a lei tamén permite a prorroga dos mesmos.

Quero que me conteste claramente si vai pechar ou non o PAI no mes de agosto?

Leva dous anos botandolle a culpa ao Covid e isto puido solucionarse co remanente de tesourería.

A Sra. Alcaldesa di que no expediente dos orzamentos esta recollido a previsión de ingresos que vai haber. Non entendo para que se poñen os expedientes a disposición dos membros da corporación, si a estas alturas non saben de donde diminuen os ingresos esta claro que non estudaron o expediente suficientemente.

Cando este equipo de goberno decidiu inverter os cartos do Plan Único para dar as subvencións os comerciantes que tiveron que parar a súa actividade económica, ese ano non nos permitían gastar o remanente, iso veu a posteriori.

Non se poden comparar os orzamentos dun concello que presta determinados servizos en xestión directa con outro que preste eses mesmos servizos en xestión indirecta, é unha comparación enganosa.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE, cos votos en





Concello de Guitiriz

contra do PP e abstención do BNG.

Expediente 762/2021. Planificación e Ordenación de Persoal

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, é a seguinte:

“Aprobación definitiva da modificación da RPT (7ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 762/2021.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

Por acordo plenario de data 30/01/2020 aprobouse definitivamente a modificación da RPT e Texto Refundido da RPT 2020 e publicouse no BOP de data 8/02/2020.

Sen prexuízo do anterior, e paralelamente as negociacións que se poidan realizar cos representantes dos traballadores, o equipo de goberno municipal pretende neste momento facer unha sétima modificación da RPT no relativo a creación de dous novos postos estruturais é que son necesarios e modificación no apartado de “forma de provisión” na ficha 4 do posto técnico/a de emprego e desenvolvemento local.

Paralelamente está tramitándose o expediente de aprobación da plantilla de persoal e o orzamento municipal para o ano 2022. En consecuencia, consignaranse nos orzamentos do ano 2022 as cantidades correspondentes para atender as obrigas económicas que se derivan da modificación da Relación de Postos de Traballo no suposto de ser aprobada.

Vista a providencia de alcaldía de data 8/8/2021 e os informes do servizo de medio ambiente de data 5/11/2021 e 9/11/2021 e da traballadora Social de data 7/10/2021 sobre as necesidades.

Visto o proxecto explicativo da modificación puntal da RPT (Anexo I), e o Texto refundido da RPT 2021 (Anexo II).

Visto o informe xurídico de secretaría de data 16/11/2021 e o informe de intervención de data 17/11/2021.

Ao amparo do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público e no Estatuto dos Traballadores, e da cláusula 4 do Acordo Marco Regulador do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Guitiriz, someteuse dito proxecto de modificación puntal da RPT a negociación colectiva no marco da Mesa Xeral de Negociación de data 15/11/2021.

Por acordo plenario de data 24/11/2021 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntal da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntal da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2021





Concello de Guitiriz

(Anexo II) concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 20 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 4/12/2021.

Alegación de 23/12/2021 asinada pola alcaldesa para corrección de erro, no seguinte sentido:

Onde di:

<<(...)

Ficha nº 23. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (2) (Código 31 e 32) figura como retribucións integras anuais: 10.852,50 euros (actualizado 2019, sen trienios)

Ficha nº 24. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (3) (Código 33,34,35) figura como retribucións integras anuais: 12.600 euros (actualizado 2019, sen trienios).

(...)>>

Debe dicir:

<< (...)

Ficha nº 23. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (2) (Código 31 e 32) figura como retribucións integras anuais: 12.661,25 euros (actualizado 2019, sen trienios)

Ficha nº 24. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (3) (Código 33,34,35) figura como retribucións integras anuais: 15.193,50 euros (actualizado 2019, sen trienios).

(...)>>

Vistas as seguintes alegacións presentadas :

- 1-Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF, con RE Nº 1381 de 30/11/2021
- 2-Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF, con RE Nº 1528 de 30/12/2021
- 3-María Mercedes Tella Neira, con RE nº 5793 de 31/12/2021.
- 4-Juan Carlos Díaz Mendez, con RE nº 5792 de 31/12/2021.
- 5-Horacio Prado Miragaya, con RE nº 5791 de 31/12/2021.
- 6-Antonio Garcia Torres con RE 44 de 4/01/2022.
- 7-Maria del Carmen Montes Vazquez con RE nº 45 de 4/01/2022.
- 8-José Antonio Gomez Perez con RE nº 120 de 5/01/2022 (extemporánea)
- 9-Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Unión Sindical Obrera (USO) con RE 127 de 7/01/2022 (extemporánea)

Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF alega:

-Se modifique a denominación da ficha nº 20. Peón Servicios (2) (Código 25.26) por ficha nº 20. Peón Conductor Servicios (2) (Código 25.26) e que se inclúa na devandita ficha a seguinte función: conductor de vehículos de recollida de lixo e outros do parque móbil co seu mantemento básico, control contadores servizo auga, mantemento contenedores do servizo de recollida de lixo, mantemento de instalación.

-Que na ficha nº 21. Posto de traballo: Peón Servicios Múltiples, onde se crea un novo posto, se denomine Peón Conductor Servicios.

- Ficha nº 22: Posto de Traballo: Peón Coordinador Brigada Verde (Codigo 30): aínda que na denominación do posto se engloban as tarefas de coordinación de la Brigada Verde, no desenvolvemento da ficha na 7ª modificación da RPT non se especifican as funcións correspondentes a coordinación, sendo as funcións, por tanto, idénticas a las establecidas para Peón Brigada Verde. Por tanto, entendemos que se trata de un error de transcripción que debería ser emendado.

-As retribucións das fichas nº 19, 20, 21, 22, 23 non están actualizadas.

María Mercedes Tella Neira, Horacio Prado Miragaya, Antonio Garcia Torres e Maria del Carmen Montes Vazquez e Jose Antonio Gomez Pérez alegan que as retribucións dos seus





Concello de Guitiriz

respectivos postos están cuantificados conforme ao establecido para a anualidade 2019 e non se teñen en conta os correspondentes incrementos salariais.

Juan Carlos Díaz Méndez alega:

-Que as retribucións do seu posto están cuantificados conforme ao establecido para a anualidade 2019 e non se teñen en conta os correspondentes incrementos salariais.

-Que na denominación do posto se engloban as tarefas de coordinación da Brigada Verde pero no desenvolvemento da ficha nº 22 (código 30) non se especifican as funcións correspondentes as tarefas de coordinación, describindo as súas funcións de maneira idéntica as establecidas para o posto de Peón Brigada Verde.

Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Unión Sindical Obrera (USO) alega:

-Que resulta necesario cubrir definitivamente as prazas que se atopan vacantes, funcionalizar algunha das prazas que están ocupadas por persoal laboral e deben ser desempeñadas por funcionarios de carreira, proceder a estabilización dos empregados públicos temporais e aumentar os efectivos para a creación do Corpo de Policía Local

Visto o informe xurídico de secretaría de data 17/01/2022 no que conclúe que:

“Procede a inadmisión das alegacións relativas a falta de actualización retributiva da RPT.

Procede a inadmisión da alegación sobre a ficha número 22 da RPT, coa denominación de “Peón coordinador Brigada Verde”, e, sen prexuízo de que proceda a súa estimación por motivos de oportunidade política.

Procede a inadmisión das alegacións relativa a diversos aspectos presentada por Unión sindical Obrera.”

Visto o informe de intervención de data 18/01/2022.


Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando que conforme establece o artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación por maioría simple da Relación de Postos de Traballo.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e BNG e cos votos en contra do PP , adoptou o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Contestar as alegacións presentadas no trámite de audiencia da modificación da RPT no seguinte sentido, de acordo co informe xurídico de secretaría que obra no expediente e as argumentacións da alcaldía respecto das que teñen un carácter de oportunidade política nos seguintes termos:

A) Falta de actualización retributiva da RPT (alegación de sindicato CSIF de data 30/12/2021 e RE 1528, de María Mercedes Tella Neira, con RE nº 5793 de 31/12/2021, Juan Carlos Díaz Méndez, con RE 5792 de 31/12/2021, Horacio Prado Miragaya, con RE 5791 de 31/12/2021, Antonio García Torres con RE 44 de 4/01/2022, María del Carmen Montes





Concello de Guitiriz

Vazquez con RE 45 de 4/01/2022, José Antonio Gomez Perez con RE 120 de 5/01/2022)

As alegacións presentadas cumpren os requisitos para a súa admisión, ao ser presentados en tempo e forma (excepto a de Jose Antonio Gómez Pérez que é extemporánea), si ben procede a súa desestimación polos seguintes motivos:

1) A RPT constitúe o instrumento básico, de carácter técnico, a través do cal se realiza pola Administración a ordenación do persoal, dacordo coas necesidades dos servizos e con expresión dos requisitos exixidos para o seu desempeño, mentres que as Plantillas constitúen un Instrumento de carácter presupostar, cuxo obxecto é enumerar todos os postos de traballo coa imputación do gasto total polas retribucións que corresponde a cada un.

O Tribunal Supremo destaca a distinta natureza que teñen o Orzamento municipal e a RPT, que constitúen realidades distintas. Así o pon de manifesto na Sentenza de 20 de maio de 2011, que, partindo desta distinta natureza do orzamento e a RPT, declara que o documento que debe respetar o incremento de retribucións dos funcionarios de Administración Local que establece anualmente a Ley de Presupostos do Estado, é o orzamento municipal, e non outro:

“La sentencia desestima el recurso, porque sigue la doctrina fijada por la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008 (...). Según la cual, el documento que ha de respetar el incremento de retribuciones de los funcionarios de Administración local que establece anualmente la Ley de Presupuestos Generales del Estado , es el presupuesto municipal , y no otro. Por ello dice esa sentencia: «En consecuencia, es posible que la RPT no se ejecute en su totalidad en el ejercicio presupuestario , precisamente por los límites previstos en los presupuestos o por otras circunstancias.» Por ello, para la sentencia citada del Tribunal Supremo y obviamente para la sentencia aquí recurrida, puede ocurrir que la RPT que contiene las retribuciones complementarias como el complemento específico, no se ejecute en un solo año, en el año en que se aprueba, sino que se puede diferir en dos o más años, por lo que, no cabe imputar al acuerdo aprobatorio de la RPT el no respetar el límite de incremento de retribuciones fijado en la Ley de Presupuestos Generales del Estado . (...)

La doctrina de la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008, contempla también el caso de que la RPT contenga plazas que se han de convocar, y que necesariamente no se convoquen en el ejercicio en que se aprueba la RPT , por ello dice que el acuerdo aprobando la RPT no infringe la Ley de Presupuestos Generales del Estado sobre el límite de incremento retributivo, y lo procedente, sigue diciendo la sentencia, es que se impugne el acuerdo que apruebe los presupuestos municipales y no el acuerdo que apruebe la RPT , pues es el acuerdo que aprueba los presupuestos el que puede infringir el tope o límite de aumento de las retribuciones, y no el que aprueba la RPT”.

Na mesma liña se pronuncia a Sentencia do Tribunal Supremo de data 30 de xuño de 2011.

Neste senso, consultado coa tesourería e intervención municipal, sobre actualización de cuantías retributivas con motivo da aprobación do presuposto realizado en sesión plenaria de data 27 de decembro de 2021, confirmouse dita actualización, aspecto que para maior seguridade xurídica deberá consignarse no expediente mediante informe de intervención,

Por outra banda, dende o punto de vista da eficacia na tramitación administrativa, non parece ter moito sentido que cada modificación puntual da RPT, implicase a súa actualización retributiva e neste caso estamos ante unha modificación puntual que afecta a creación de dous postos de traballo e que non incide nas cuantías retributivas do conxunto dos traballadores.

Engadir, ademais, que poden transcurrir moitos anos dende que se aproba unha RPT e se produce unha nova modificación da mesma, sen que exista norma algunha que obrigue a realizar ditas actualizacións retributivas con carácter anual, precisamente porque o instrumento





Concello de Guitiriz

adequado para elo é o presuposto municipal.

B) Incorrección das fichas da RPT (alegación de sindicato CSIF de data 30/12/2021 e RE 1528 e Juan Carlos Díaz Mendez, con RE 5792 de 31/12/2021), respecto a estas alegacións procede remitirse ao informe xurídico de Secretaria nos seguintes termos:

“Alegacións presentadas por Juan Carlos Díaz Méndez e o sindicato CSIF, en canto que na ficha número 22 da RPT, a pesar de figurar na denominación como “Peón Coordinador Brigada Verde”, desaparecen as funcións concretas en que consiste tal coordinación.

Dende o punto de vista estritamente formal, procede a súa inadmisión, xa que non son presentadas en tempo e forma, posto que non e correcto o manifestado sobre que foi o acordo plenario de data 24 de novembro de 2021 o que realizou a modificación de ditas fichas da RPT, senón que a mesma xa se produciu no texto refundido de RPT aprobado mediante acordo plenario en data de 30 de xaneiro de 2020, polo que estamos ante un acto firme, ao non ser recorrido en tempo e forma.

Así, os acordos adoptados en sesión plenaria de data 24 de novembro de 2021 se circunscriben a unha serie de modificacións puntuais que non afectan ao posto de ficha número 22 da RPT de Peón Coordinador Brigada Verde, polo que non se pode recorrer algo que non foi obxecto de acordo.

Non obstante poden estimarse alegación por motivos de oportunidade e non de estricte legalidade, considerando a oportunidade da estimación de dita alegación posto que:

1) No proxecto de modificación da RPT de data 19 de novembro de 2019, no seu punto 4.2 faise referencia a que: “Actualízase *puntualmente as funcións de varios postos de traballo....*”, si ben non se concreta exactamente en que consisten ditas actualizacións.

Sen que no acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2020 se concreten exactamente cales son as funcións actualizadas, polo que parece tratarse mais ben dun erro, xa que en relación coa actual ficha numero 22, denominada “*Peón Coordinador Brigada Verde*”, desaparecen as funcións de coordinación propiamente ditas, que previamente a dita modificación eran: “tarefas propias de coordinación da limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas”, polo que si se tratase dunha actualización debería especificarse as mesmas ou outras, pero simplemente se omiten. Neste senso, de estimarse que efectivamente se trata dun erro, sería aconsellable a súa incorporación na actual ficha de RPT número 22 concretamente as seguintes funcións: “tarefas propias de coordinación da limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas”, que constaban na última RPT aprobada (ano 2013) previamente a modificación do acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2020.”

C) Alegacións sobre unha serie de aspectos xenéricos que deberían constar na RPT (alegación da Unión sindical Obrera con RE 127 de 7/01/2022 e alegación do sindicato CSIF con RE 1528 de 30/12/2021)

En relación a alegación da Unión sindical Obrera remítome ao manifestado no informe xurídico nos seguintes termos: “Procede a súa inadmisión por presentación extemporánea, posto que o período de información pública de 20 días hábiles en cumprimento do acordo plenario de data 24 de novembro de 2022, o prazo rematou en data 4/01/2022.

Non obstante os motivo alegados non poden ser obxecto de estimación, xa que o obxecto do recurso debe estar relacionado cos acordos adoptado na sesión plenaria de data 24 de novembro de 2021.





Concello de Guitiriz

Por outra banda e dunha análise inicial tampouco parece que exista motivo para atender ditas demandas, xa que salvo erro en relación a demandas como cubrir as prazas vacantes ou estabilizar o emprego público temporal, bastaría con analizar as modificacións das RPTS e anexos de persoal dos anos 2017 a 2020, tanto respecto das prazas que se inclúen como respecto do seu nivel de execución en OEP correspondente, constando en ditos expedientes información de que nas ofertas de emprego público dos anos 2017 a 2021 ofertáronse en emprego público 52 prazas sobre un total de 75 prazas e sen prexuízo de que devanditas OEP non consten como executadas na súa totalidade."

Con respecto a alegación do sindicato CSIF sobre a ficha nº 21. Posto de traballo: Peón Servicios Múltiples, onde se crea un novo posto, que se denomine Peón Conductor Servicios, propónse a súa desestimación porque no momento da creación e configuración de prazas de nova creación, corresponde ao Grupo de Goberno a súa configuración (nome, características, funcións, retribucións, etc.), atendendo as necesidades existentes e ao interese público, e sempre de acordo cos principios de legalidade, eficacia e eficiencia.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz, de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT e o Texto refundido da RPT ano 2021 que se transcribe integramente a continuación coas modificacións correspondentes as alegacións parcialmente estimadas (na ficha nº 22) e a corrección na retribucións das fichas nº 23 e 24.

TERCEIRO.- Publicar a RPT (anexo II. Texto Refundido da RPT para o ano 2021) aprobada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

ANEXO II - Texto refundido da RPT ano 2021

INDICE

- I. INTRODUCCION
- II. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO XERAL
- III. FICHAS INDIVIDUAIS DA RPT

I. INTRODUCCION

Incorpórase ao texto refundido da RPT as dúas novas fichas/códigos ante a creación de dous novos postos de traballo: 1 traballadora social SAF (ficha 35, código 75) e 1 peón de Servizos múltiples (inclúese na ficha 21 co código 76) e modificación na "forma de provisión" na Ficha nº 4 do posto de Técnica de Emprego e desenvolvemento local co fin de poder proveer a devandita praza tanto polo sistema de oposición como concurso- oposición.

Ambos postos considéranse estruturais porque responden a servizos municipais básicos e as súas funcións veñen sendo desempeñadas por persoal laboral temporal de forma ininterrompida dende o 2019, para engadilos na seguinte OEP e provelos polo procedemento de estabilización de emprego temporal do artigo 19.Uno.9 da LPXE para 2018, que permite unha taxa adicional de reposición de efectivos para regularizar estas situacións e reducir a taxa de temporalidade no emprego público

Recóllese unicamente o persoal funcionario e o persoal laboral fixo ou indefinido da Corporación, eliminando calquera referencia a persoal laboral temporal (xa que tecnicamente





Concello de Guitiriz

o persoal laboral temporal non debe constar na RPT).

II. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO XERAL

SECCIÓN DE SECRETARIA GENERAL (6 postos)

Servicio de Secretaría y Asuntos Xerais (Códigos 01, 07,12*)

Servicio de Contratación e Patrimonio (Código 08)

Servicio de Recursos Humanos (Código 09, 04*)

SECCIÓN ECONOMICA (5 postos)

Servicio de Xestión económica (Códigos 02, 04*,10)

Servicio de Tesourería e Recadación (Códigos 03,11)

SECCIÓN DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUCTURAS (23 postos)

Servicio de Urbanismo (Códigos 05,12*)

Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas (Códigos 06, 14, 17, 18, 20 a 35 e 76)

SECCIÓN DE SERVICIOS SOCIALES (40 postos)

Servicio de Servicios Sociais xerais (Códigos 19,13)

Servicio de Axuda no Fogar (Códigos 40, 41 a 68, 75)

Servicio de Educación e PAI (Códigos 36 a 39)

Servicio de Centro de Día (Códigos 69 a 72)

SECCION DE SERVICIOS MULTIPLES (4 postos)

Servicio de Seguridade Cidadán (Códigos 15,16)

Servicio de Deportes e Actividades Socio-culturais (Códigos 73,74)

III. FICHAS INDIVIDUAIS DA RPT

Persoal Funcionario (14 fichas, 18 postos)

Ficha RPT Nº1: Secretario/a. Código 01.

Ficha RPT Nº2: Interventor/a. Código 02.

Ficha RPT Nº3: Técnico/a Xestión Ec. (Tesorero). Código 03.

Ficha RPT Nº4: Técnico/a de Emprego e desenvolv. local. Código 04.

Ficha RPT Nº5: Arquitecto/a Técnico/a Municipal. Código 05.

Ficha RPT Nº6: Técnico/a de Medio Ambiente. Código 06.

Ficha RPT Nº7: Administrativo/a de Secretaría (3). Código 7, 8 e 9.

Ficha RPT Nº8: Administrativo/a da Sección económica (2). Código 10 e 11.

Ficha RPT Nº9: Administrativo/a de Secretaría-Urbanismo. Código 12.

Ficha RPT Nº10: Auxiliar administrativa de Servizos sociais. Código 13.

Ficha RPT Nº11: Encargado/a de Obras e Servicios. Código 14.

Ficha RPT Nº12: Policía Local (2). Código 15 e 16.

Ficha RPT Nº13: Conserxe Instalac. Municipais. Código 17.

Ficha RPT Nº14: Conserxe Colexios e Instac. Municipais. Código 18.

Persoal laboral fixo* (21 fichas, 58 postos)

Ficha RPT Nº15: Traballadora Social. Código 19.

Ficha RPT Nº16: Conserxe Instalac. Munic.-Conductor. Código 20.

Ficha RPT Nº17: Limpador/a (2) (fixo-desc). Código 21 e 22.

Ficha RPT Nº18: Limpador/a (fixo-desc). Código 23.





Concello de Guitiriz

Ficha RPT Nº19: Limpador/a. Código 24.
Ficha RPT Nº20: Peón de Servicios (2). Código 25 e 26.
Ficha RPT Nº21: Peón de Servicios múltiples (4). Código 27, 28, 29 e 76.
Ficha RPT Nº22: Peón-coordinador Brigada Verde (fixo-desc). Código 30.
Ficha RPT Nº23: Peón Brigada Verde (2) (fixo-desc). Código 31 e 32.
Ficha RPT Nº24: Peón Brigada Verde (3). Código 33,34 e 35.
Ficha RPT Nº25: Técnico/a de Educación familiar *(persoal laboral indefinido).Código 36.
Ficha RPT Nº26: Técnico/a Medio Encargado/a PAI. Código 37.
Ficha RPT Nº27: Técnico/a Medio PAI (2). Código 38 e 39.
Ficha RPT Nº28: Traballadora social SAF. Código 40.
Ficha RPT Nº29: Auxiliar de Axuda no Fogar (28). Código 41 a 68.
Ficha RPT Nº30: Terapeuta ocupacional do CD. Código 69.
Ficha RPT Nº31: Auxiliar de xeriatría do CD (2). Código 70 e 71.
Ficha RPT Nº32: Cociñeiro/a do CD. Código 72.
Ficha RPT Nº33: Monitor/a de Deportes. Código 73.
Ficha RPT Nº34: Técnico/a de Turismo. Código 74.
Ficha RPT Nº35: Traballador/a social SAF. Código 75

*O posto de Técnico/a de Educación familiar (Ficha RPT Nº25, Código 36) é persoal laboral indefinido, e o único posto laboral da RPT que non é fixo.

FICHA Nº1. Posto de traballo: Secretario/a (Código 01)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- ¾ Grupo: A1
- ¾ Escala/Subescala: HHEE/Secretaría (Categoría de Entrada)
- ¾ Formación específica: Si.
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: 1
- ¾ Forma de provisión: Concurso de méritos HHNN.
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 28
- ¾ Complemento específico anual (CE): 18.899,86 euros (actualizado 2019)
- ¾ Adscrición: Sección de Secretaría Xeral (Xefatura de Sección).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións





Concello de Guitiriz

de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas HHNN:

-As sinaladas no artigo 3 do Real Decreto 128/18, do 16 de marzo (ou na norma que o substitúa), así como outras funcións recollidas en normativa de rango legal ou regulamentario concordante coa anterior.

- As sinaladas expresamente en calquera outra norma con rango legal.

Outras funcións:

-A coordinación das seccións e servizos municipais nos aspectos xurídico-administrativos relacionados coas responsabilidades atribuídas legalmente a aquel. No exercicio da devandita función, co fin de adecuar a actuación administrativa nos seus aspectos formais ás regras polas que se rexe e de unificar criterios, o/a Secretario/a poderá ditar instrucións de carácter Xeral, co visto e praxe da Alcaldía. -Conformidade á tramitación de expedientes de todo tipo desde o punto de vista da normativa aplicable e do procedemento administrativo. - Coordinación dos procesos administrativos de implantación da RPT e da Administración electrónica.

FICHA Nº2. Posto de traballo: Interventor/a (Código 02)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- ¾ Grupo: A1
- ¾ Escala/Subescala: HHNN/Intervención-Tesourería (Categoría de Entrada).
- ¾ Formación específica: Si.
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: 1
- ¾ Forma de provisión: Concurso de méritos HHNN.
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 28
- ¾ Complemento específico anual (CE): 18.899,86 euros (actualizado 2019)
- ¾ Adscripción: Sección Económica (Xefatura de sección).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións





Concello de Guitiriz

de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas HHNN:

-As sinaladas en artigo 4 do Real Decreto 128/18, do 16 de marzo (ou na norma que o substitúa), así como outras funcións recollidas en normativa de rango legal ou regulamentario concordante coa anterior.

- As sinaladas expresamente en calquera outra norma con rango legal (estabilidade orzamentaria, etc.).

Outras funcións:

-Auxilio na planificación da actividade económica-financeira municipal de acordo coa normativa de estabilidade orzamentaria de aplicación.

-Colaboración con alcaldía na elaboración dos presupostos e as súas modificacións segundo as directrices de alcaldía.

-Supervisión da contabilidade da Corporación ou entidades dependentes.

-Fiscalización da formación e tramitación da Conta Xeral.

- Fiscalización da xestión tributaria local e das propostas de xestión tributaria así como das propostas de resolución de recursos contra as mesmas.

-Supervisión das propostas de aprobación de Ordenanzas fiscais, así como dos informes económicos relativos aos instrumentos xurídicos reguladores de taxas ou prezos públicos.

-Elaboración de estudos de custos sinxelos para determinar o custo dos servizos.

-Emisión de Circulares e Instrucións internas respecto dos procedementos de xestión de ingresos e gastos que leven a cabo os restantes departamentos.

FICHA Nº3. Posto de traballo: Técnico de Xestión Económica-Tesoureiro (Código 03)

¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.

¾ Grupo: A2

¾ Escala/Subescala: Administración Xeral, Xestión

¾ Formación específica: Si.

¾ Tipo de posto: Singularizado

¾ Nº postos: 1

¾ Vacante: No

¾ Forma de provisión: Oposición libre

¾ Provisión temporal: Comisión de servizos

¾ Nivel de complemento de destino (CD): 22

¾ Complemento específico anual (CE): 12.691,00 euros (actualizado 2019)

¾ Adscrición: Sección Económica, Servicio de Tesourería e Recaudación (Responsable de Servicio).

¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Responsable de Servicio: Coordinación de todo o persoal adscrito ao servizo; programación e distribución do traballo do servizo conforme ás directrices da xefatura do servizo; coordinación e colaboración co resto de servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados ao servizo, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se





Concello de Guitiriz

vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Funcións específicas de Tesourería:

-Manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade: a) Execución do "Plan de Disposición de Fondos" da Tesourería para a óptima xestión dos recursos líquidos dispoñibles.

b) Xestión integral do endebedamento a curto prazo

c) Prestar o servizo de Caixa

Funcións específicas de Tesourería e Xestión tributaria:

-Xefatura dos servizos de Recadación: a) Dirixir e coordinar a función recadatoria.
b) Xestión de cobranza en período voluntario, sen prexuízo das atribucións das demais dependencias competentes en materia de xestión e control dos devanditos créditos e dereitos, sen prexuízo dos convenios con outras administracións nesta materia.

c) Realizar a xestión de cobranza en vía executiva directamente e exercer o control, no seu caso, da recadación executiva realizada a través dos Organismos delegados para a devandita materia, sen prexuízo dos convenios con outras administracións nesta materia.

d) Tramitar os expedientes de aprazamento e fraccionamento.

e) Exercer o control da recadación realizada a través das entidades colaboradoras.

f) Ditar a Providencia de constrinximento e verificar os intereses de demora por ingresos fóra de prazo.

-Dirección da xestión tributaria local.

Outras funcións:

-As sinaladas no artigo 169.1 b) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, nas materias seguintes: Desenvolvemento de tarefas de xestión administrativa e apoio de nivel intermedio comúns á actuación da Administración; fundamentalmente nos procedementos administrativos e económico-financeiros da Sección de Tesourería e Recadación.

-Confeccionar as nóminas do persoal municipal (funcionarios, laborais, Corporación Municipal)

-Relación coa Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como das prestacións.

Considerando a oportunidade de solicitar devandita cesión en base aos principios de eficacia e eficiencia no funcionamento administrativo, regulado nos artigos 103.1 da Constitución e o artigo 3.1 j) da Lei 40/2015, posto que o cambio de titularidade implicaría a redución de prazos en aspectos como os relativos ao outorgamento de licenzas urbanísticas ou presentacións de Comunicación Previa de Obras, na xestión de tramitacións administrativas como pode ser as relativas a autorizacións en redes públicas, como auga ou saneamento ou incluso en aspectos urbanísticos como a configuración a nivel de planeamento de devandita estrada, etc.

Valorando ademais positivamente o compromiso do Ministerio de Fomento en canto a entregar en perfectas condicións e por tanto realizando os arranxos oportunos na devandita estrada, previos ao cambio de titularidade

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP, adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana o cambio de titularidade a favor do Concello de Guitiriz do tramo da estrada N-VI entre os puntos quilométricos P.K 538+850-PK 541+800. O Cambio de titularidade favorecería as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios/as para servir ao interese público dando cumprimento aos principios de eficacia e eficiencia no funcionamento administrativo regulado nos artigos 103.1 da Constitución e o artigo 3.1 j) da Lei 40/2015.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e comunicarlle aos servizos municipais afectados."

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que están de acordo con solicitar o cambio pero isto terá unhas consecuencias para o Concello no futuro posto que será este o que terá que asumir o custo dos arranxos e o mantemento da estrada.

O voceiro do BNG di que a eles parécelles boa idea sempre e cando se comprometa o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a entregarnos estes Kms. en bo estado e nas condicións que marque o Concello, pero como isto no futuro vai supor un custe económico para o concello queríamos facer a seguinte emenda ou engadido a petición que fan ao Ministerio:





Concello de Guitiriz

“Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana se dote a este tramo de estrada de beirarrúas, soterrado de liñas eléctricas, saneamento e liña de abastecemento de auga potable e dúas rotondas unha na Ponte Veiga e outra na Avenida da Coruña fronte ao colexio”, estas rotondas están marcadas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A Sra. Alcaldesa di que aquí o único que estamos facendo é acordar solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o traspaso dun tramo na N-VI pero é importante saber que non vai haber contraprestación económica como si houbo anteriormente.

Eu propoño que cando redactemos o escrito da petición do traspaso podémonos reunir e estudar cal desas addendas podemos engadir no escrito.

O voceiro do BNG di que non é o mesmo solicitar o traspaso dese tramo que propoñen que condicionar ese traspaso as necesidades do concello posto que despois isto implicará un mantemento que supón moitos cartos para o concello.

O voceiro do PP di que eles propoñen retiralo asunto e mais adiante debatelo e acordalo entre todos/as para non tomar decisións precipitadas.

A Sra. Alcaldesa di que o único que se fai aquí e facultar ao equipo de goberno e solicitar a transferencia, as condicións na que o Ministerio nola vai a transferir diránnolo no seu momento e logo veremos con que condicións o aceptamos.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP.

Expediente 49/2022. Moción BNG. Mellorar a limpeza e coidado das rúas e camiños do Concello.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

“MOCIÓN PARA MELLORAR A LIMPEZA E O COIDADO DAS RÚAS E CAMIÑOS DO CONCELLO

Exposición de motivos:

Guitiriz nos últimos dous anos destaca polo mal coidado dos espazos públicos e a mala limpeza nas dúas vilas principais do Concello.

Guitiriz e Parga sofren a mala xestión realizada pola alcaldesa en cuestión de limpeza de rúas, beirarrúas, camiños municipais e coidados nas rutas sinalizadas en todo o concello. As veciñas e os veciños quéixanse do mal estado de Parga e Guitiriz en xeral. Son os propios veciños e veciñas as que collen moitas veces a súa vasoira, ou a súa hidrolimpadora, ante a ineficiencia do concello, que nos últimos anos vén amosando un total abandono desta labor.

A aparición de bicharía que incluso se converten en pragas son en parte culpa desta falta de limpeza. Non se soluciona nada tratando pragas se non se apoia cun coidado axeitado de fontes, camiños, rúas ou desinfección de contedores. Hai zonas que levan lustros (ou máis) sen ningún mantemento.





Concello de Guitiriz

Vostede Sra. alcaldesa sabe coma todos os veciños que isto é verdade, e xa leva dous anos sen facer esta limpeza. Hai rúas en Guitiriz ou Parga que non viron nunca unha vasoira.

Imaxinamos Sra. Alcaldesa que vostede pasea ou anda polas rúas do Concello, ou que a xente coa que fala lle transmite o mal que está a limpeza en Guitiriz e Parga. Se o nega ou non está o día de todo isto que lle comento, é que non sae da casa, ou non fala coas veciñas e veciños. A verdade é que tanto as veciñas e veciños ou a xente que nos visita non fala nada ben de como está o Concello. Pode comprobalo en redes sociais, comentarios en internet, etc..

Ademais de que todas as veciñas e veciños vemos durante todo o ano a desastrosa e mala limpeza das rúas e beirarrúas de Guitiriz e Parga, chega o bo tempo, primavera ou na entrada do verán e límpanse as rúas céntricas, ou prepáranse algúns xardíns, para dar unha imaxe de limpeza e normalidade, de cara o turista....O veciño se cadra...que se conforme, e me xustifique vostede agora cando me responda con cousas como.. e que non hai cartos ou non hai persoal, xa lle digo antes de que conteste que iso non é certo. O que non hai é vontade sra. alcaldesa.

Esta limpeza que denunciemos ten que ser en todas as rúas e camiños, e non só no casco urbano de Guitiriz senón tamén nas rúas de Parga e nos camiños de todo o concello e durante todo o ano.

Están gastando ano tras ano na promoción do Concello, unha cantidade de diñeiro público notable, cando o único que fan é promocionar lugares como os Sete Muíños, ou a ruta da auga cando a realidade é moi distinta do que se promociona . Hai rúas dos núcleos urbanos que non se limparon xamais !.

Gobernar sra. alcaldesa, tamén é ter o pobo limpo e ordenado, e que, os que aquí vivimos nos sintamos cómodos e seguros no noso pobo, non chega con mellorar a páxina web e dar unha imaxe en redes sociais que non se axusta a realidade de Guitiriz ou Parga, a realidade tena vostede mesmo diante do Concello.

O Pleno da corporación, cos votos en contra do PSOE e cos votos favorables do PP e do BNG non acadou a maioría necesaria para aprobar a seguinte PROPOSTA:

1º.- Instar ao goberno do Concello a mellorar a limpeza de rúas, beirarrúas e camiños públicos de todo municipio.

2º.- Instar ao goberno do Concello a mercar a maquinaria necesaria para complementar e realizar a limpeza de rúas e beirarrúas, así como a contratación de máis persoal si se estima necesario.”

Aberto do debate pola Presidenta o voceiro do PP di que desgraciadamente a limpeza no Concello de Guitiriz brilla pola súa ausencia xa sexa nas beirarrúas tanto de Guitiriz como de Parga, como no resto dos espazos públicos das parroquias que o compoñen, coidamos que por falta de persoal non debe ser xa que neste concello hai máis de 100 persoas traballando, o que falta é organización e eficacia, máis sobre todo ganas de facer as cousas e para iso hai que saber mandar e ver as necesidades existentes.

Por falta de maquinaria tampouco é posto que este concello conta cunha maquina varredora que polo de agora non se utilizou en ningures neste mandato e tampouco se están utilizando os camiños de incendios que se utilizaban para limpar as beirarrúas.

O que realmente é grave é que cando o PP de Guitiriz pide que se arranxe por exemplo a Ruta da Auga, posto que nunca esta arranxada ao 100%, se nós conteste que non hai persoal, cando neste concello traballan máis de 100 persoas e polo tanto debería estar todo saneado e limpo, pero claro esta que sin organización, sen dirección e preocupación non so da alcaldesa





Concello de Guitiriz

sinon tamén dos concelleiros/as é imposible que este concello funcione.

Para finalizar dicir que o coidado do concello non consiste en poñer letreiros de madeira, que aínda que son bonitos ao cabo duns anos custa léelos e os que son metálicos están cheos de verdin.

O concello ten que loitar contra o feísmo e este non pode vir do propio concello poñendo bancos en lugares non axeitados, contenedores nos parques públicos como sucede en Parga ou encimeiras feitas de chapa como se facía fai moitos anos porque era o máis económico, máis é increíble que se faga nestes momentos.

A Sra. Alcaldesa di que non é verdade que dende hai dous anos non se limpan xa que durante a pandemia o persoal do concello estivo destinado a limpar os contenedores, beirarrúas etc.

A Ruta da Auga esta en boas condicións para camiñar por ela, aínda que puntualmente poda ter algunha deficiencia.

O voceiro do BNG pregunta si sabe porqué lle dixen hai un mes no Pleno dos orzamentos que non quería a Guitiriz, pois por exemplo, polo que argumentamos nesta moción, e moi triste que se fale ben de Guitiriz, sabendo que non se fai o que se ten que facer para manter limpo e ordenado o Concello.

Como dixen limpase un pouco diante da casa do Concello e algo polas rúas céntricas, o pavimento da beirarrúa mesmo aquí diante está negro ou mouro, como queira chamarlle. Non se pode querer dar imaxe do ben que está o Concello, cando en realidade non o está, a quen quere convencer coa publicidade enganosa do pobo ?

Quen non este o día do que pasa no Concello igual se cree o que vostede comenta na prensa, por exemplo nun comentario seu “o potencial ambiental dos diferentes espazos do municipio” e pide facer un esforzo, entre todos, cada un aportando o seu gran de area e puxo como exemplo “a selección do lixo” hai mais dun ano comenteille que facía falta un contedor do vidro na zona da igrexa vella e aínda estamos agardando por él.

Os contedores nas zonas mais céntricas están que da pena velos e dan un cheirume cando fai calor que fala por si so da limpeza que lles fan. Porqué non se lavan a miúdo os contedores de residuos orgánicos, se o camión da recollida do lixo non ten este servizo terán que lavalos a man de vez en cando, isto axudaría tamén a combater as pragas.

Os cinco puntos de contaminación que mantén abertos nas parroquias para a recollida de plásticos agrícolas, e que xa son verdadeiros vertedoiros teñen que pechalos, non sei ata onde queren chegar.

O normal sería polo menos ver a algún operario do Concello limpando polas rúas de Guitiriz ou Parga, pódenos dicir os días totais do ano que se fai limpeza polas rúas, non creo que mo diga porque son tan poucos que se vai a poñer colorada.

Hai anos había unha máquina para varrer as rúas, como hai en calquera concello, actualmente non se ve nin se sabe si a hai, si é que a hai non sae a rúa.

Sen moitos cálculos, sra. alcaldesa ata lle podo dicir, que con dúas persoas e unha máquina varredora, un día si e outro non ao ano asegúrolle que teríamos unhas vilas en perfectas condicións e non como están agora que da noxo pasear por algúns sitios.

O voceiro do PP di que xa esta todo dito, o dos contenedores xa se comentou moitas veces nos rogos para que se limparan, pero logo non se fai.

A Sra. Alcaldesa di que tomaran nota de todo o que se esta a dicir aquí.

O voceiro do BNG di que a limpeza das rúas, dos contedores, dos parques e dos espazos





Concello de Guitiriz

públicos demostra moito, vaia vostede ver como está Friol por exemplo, non sabemos como non lle da vergoña ter o pobo así.

Fixemos esta moción dende o BNG para intentar cambiarlle a mentalidade e a súa forma de ser, temos un pobo moi porco sra. Alcaldesa, cambie, e demostre que polo menos traballa por Guitiriz.

A Sra. Alcaldesa di que pensar que unha moción do BNG vai cambiar a miña forma de ser paréceme que, ou ben ten pouca consideración da miña persoa ou é un pouco arrogante.

Sometido o asunto a votación é rexeitado cos votos en contra do PSOE e a favor do PP e BNG.

Expediente 50/2022. Moción BNG reclamando a Deputación de Lugo o mal estado do arranxo da estrada de Parga e Sambreixo

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O voceiro do BNG da lectura a moción:

"MOCIÓN RECLAMANDO A DEPUTACIÓN DE LUGO O MAL ESTADO DO ARRANXO DA ESTRADA DE PARGA A SAMBREIXO.

Exposición de motivos:

Recentemente a Deputación de Lugo arranxou 3,2 klm. da estrada LUP-2001 que vai dende Parga ata cerca de Rábade. O letreiro informativo que hai no comenzo desta estrada en Parga pon literalmente o seguinte "rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 Parga (LU-P-2001) Pedrafitas- Santalla (LU-P-0804).

Dende Parga ata o límite co concello de Begonte hai 9,5 Klm. dos cales mal arranxaron 3,2 Klm. e quedan outros 6,3 sen arranxar. Case mellor que non lle toquen porque para deixala coma eses 3 klm. iniciais e mellor que non lle fagan nada. Hai escasamente dous meses que se arranxou esta estrada e xa están saíndo fochancas, e iso que o inverno non fixo mais que comezar.

Como dixen este simulacro de arranxo fíxose con rego e grava, cando o habitual da Deputación e aglomerar para que o resultado sexa bo e duradeiro. A Deputación sei que gastou nesta chapuza 48.944,73 euros, isto é o que pon o letreiro informativo.

As veciñas e veciños de Sambreixo están moi cabreados, e non nos estraña que esten cabreados, porque parece que os están tratando como cidadáns de segunda categoría, que diferenza hai entre a estrada de Guitiriz a Mariz ou esta estrada que vai de Parga a Sambreixo e Pedrafitas, e que comunica o noso Concello co concello de Begonte e Rábade, vese e nótase que é unha tomadura de pelo e un menosprezo as veciñas e veciños de Sambreixo.

Hai uns anos dende o BNG de Guitiriz tamén propuxemos a eliminación do punto negro que supoñen as curvas que hai subindo para Sambreixo, non nos fixeron caso ningún, por iso volvemos a insistir en que sería unha moi boa nova a eliminación ou ampliación destas curvas tan perigosas e nas que se producen moitos accidentes.





Concello de Guitiriz

O Pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes , adoptou o seguinte ACORDO:

- 1.- Que o concello de Guitiriz reclame a Deputación de Lugo que asuma o erro cometido e arranxe de novo esta estrada.
- 2.- O concello de Guitiriz inste a Deputación de Lugo a eliminar ou ampliar as curvas desta estrada."

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que ante esta moción vese que hai cidadáns de primeira, de segunda e de terceira clase neste concello, aos de primeira se lles arranxan as estradas con aglomerado en quente, aos de segunda con grave e rego e aos de terceira non se lles arranxa nada.

O PP esta canso de pedir que se arranxe a estrada dende Parga a Pedrafita, máis tal como a arranxaron fose mellor que non o fixeran, botaron unha capiña de grava e un pequeno rego que o que fai é que cando pasen camións gardados esta estrada se desfaga. Xa sabemos que é de titularidade da Deputación, pero vostede como alcaldesa ou a concelleira de obras públicas deberían mirar o que fan e reprobar o que están a facer antes as autoridades provinciais.

Por tanto, non imos pedir, senón esixir que se volva arranxar e que se asfalte con aglomerado quente como se fixo noutras parroquias moi próximas a Sambreixo de Parga posto que estes cidadáns teñen os mesmos dereitos que o resto dos veciños/as do Concello de Guitiriz.

A Sra. Alcaldesa di que dende o concello xa nos puxemos en contacto coa Deputación para mostrarlle a nosa desconformidade e dende a Deputación xa lle reclamaron a empresa para que veña a reparala e nós vixiaremos para que non quede sin arranxar.

Estamos de acordo que este arranxo non está ben e tal como quedou non vale para circular por ela por iso imos votar a favor desta moción e apoiar aos veciños nesta petición.

O concello pediralles a Deputación que manteña todas as estradas que ten no noso concello nun estado óptimo.

O voceiro do BNG di que pouco mais hai que dicir desta chapuza que fixo a Deputación nesta estrada de Sambreixo, de momento loxicamente as fochancas son superficiais, pero como dixen o arranxo terá dous meses e no mes de decembro tivemos 20 días primaverais, as raias que pintaron a cada lado da estrada xa case non se ven, a grava vai saíndo para as cunetas e con ela a pintura.

Queremos que a Deputación asuma este erro e volva a actuar nesta estrada, nós dende o BNG na Deputación faremos todo o posible para que así sexa.

Tamén sería conveniente comunicarlles sobre as curvas que hai nesa estrada para que as amplíen ou eliminen e así evitar accidentes.

Fixeron o mesmo coa obra da Casa da Botica, tanto esta obra como a da Casa da Botica non hai por onde collelas.

O voceiro do PP di que a entrada que fixo en Parga a propia Deputación coas beirarrúas practicamente metidas na propia estrada, que non queda sitio para aparcar un coche, non ten sentido ningún.

En canto a esta obra da que estamos a falar paréceme ben que se pida que a arranxen pois os 48.000 e pico de euros paréceme que non se investiron.

Paréceme ben que a alcaldesa lle pida a Deputación que arranxe as estradas provinciais neste concello, dicirlle que hai unha fochanca, que cada vez faise máis grande e máis profunda, na primeira curva que vai a Cercedo.

A Sra. Alcaldesa di que eles van apoiar a moción e como xa dixen o Presidente da Deputación





Concello de Guitiriz

e coñecedor para que isto se corrixa. Reiterome no que dixeran antes, que debemos reivindicar a Deputación para que arranxe non so esta estrada sinón todas as estradas provinciais.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Expediente 52/2022. Moción PP Reprobación Ministro Garzón

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes:

O voceiro do PP da lectura a moción:

“MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- a terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada dun xeito predominante por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar e con base territorial, que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- en 2020 achegou case 9.000 millóns de euros en exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Como no conxunto de España, en Galicia o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial, agrupando unha variada tipoloxía de produción.

Na nosa Comunidade hai máis de 61.000 explotacións de carne e supéranse as 400.000 toneladas de produción. En canto á industria cárnica, esta aglutina a 192 empresas de transformación, que dan emprego a 4.601 traballadores e facturan arredor de 1.400 millóns de euros ao ano.

No caso concreto do vacún de carne, contamos cun total de 19.537 explotacións en Galicia - incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta- que teñen unha media de 22 animais cada unha delas.

Respecto do valor da produción de carne de bovino en Galicia, este ascende a 513 millóns de euros, o que representa o 14,1% do valor da produción final agraria da nosa Comunidade.

Desta produción, unha parte moi importante, como se dixo, está certificada coas indicacións xeográficas protexidas Carne de vacún de Galicia, ao abeiro da (I.X.P.) **Tenreira Galega, Vaca Galega e Boi Galego**, que utilízase a lingua castelá pra a súa comercialización fora dos límites





Concello de Guitiriz

xeográficos galegos, e polo tanto véndense como: **Tenera Gallega e Vaca Gallega e Buey Gallego**.

Lembremos que no ano 2020, entre ambas **I.X.P. (Indicación Xeográfica Protexida)**, certificáronse case 100.000 canais, producíronse 22.748 toneladas de carne por un valor económico estimado de 126.700.000 euros e representan o 55% de toda a carne española con indicativo de calidade.

Por outra banda, lembremos que a sustentabilidade do sector bovino de carne en Galicia está demostrada e as prácticas tradicionais dos nosos gandeiros son moi respectuosas co medio ambiente. Así, cómpre ter en conta que cada explotación ten base territorial asociada. Este asunto é moi transcendente xa que incide na procedencia da alimentación dos animais e no aproveitamento dos xurros como fertilizantes das súas propias terras. Neste caso concreto, cómpre sinalar que existe un estudo do **CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS** de Mabegondo, amparado polo propio Ministerio de Ciencia e Innovación, que constata que o uso de dexeccións (xurro e esterco) para enriquecer as terras, fronte á utilización de fertilizantes minerais, non incrementa as emisións de gases con efecto invernadoiro, sempre que se utilice dentro dos límites que se establecen de carga de nitróxeno.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados

("... they export this poor quality meat from these ill- treated animals").

E a tradución literal a lingua galega é a seguinte:

Expotan esta carne de mala calidade de estes animais maltratados.

Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca un dos eidos alimentarios máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a miles de familias e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento, o abandono da terra agraria e para previr incendios forestais.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo,





Concello de Guitiriz

xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Pra rematar esta exposición de motivos voules falar de **NOVA FRIGSA**, unha industria xenlleira lucense, e dicir, galega e española pese a quen lle pese. Canaliza toda a produción de vacún provintes das súas granxas, e dicir, granxas das que hai en todo o territorio galego, granxas que hai no concello de Guitiriz, e elabora fiambres e cocidos, ademais do secadoiro de xamóns cunha capacidade para producir máis de 7000.000 pezas anuais.

As súas instalacións están no concello de Lugo e ten máis de 32.000 m² de superficie cuberta e ten capacidade para máis de 100.000 reses anuais.

NOVA FRIGSA é o maior centro de procesado de carne de tenreira de Galicia e é un centro punteiro a nivel europeo. É unha empresa que fai produtos de calidade e para elo fai inversións económicas importantes erixíndose como unha empresa pioneira en canto a trazabilidade e seguridade alimentaria e para ilo aplican criterios orientados cara a calidade e benestar dos animais en todos e cada un dos procesos e hai un control exhaustivo de todos os procesos e produtos. Pra asegurar a máxima calidade do produto final hai unha trazabilidade individual de cada animal, os datos de procedencia quedan recollidos nas súas bases de datos e empréganse máis adiante na documentación e no etiquetado do produto.

En **NOVA FRIGSA** traballan directamente máis de 300 persoas por quendas durante as 24 horas do día.

Dicir tamen que a tenreira galega é una **(I.X.P.) Indicación Xeográfica Protexida** e a carne comercializada está sempre ao abeiro da **(I.X.P.)** chamada en lingua española Ternera gallega pra a súa cellor comercialización, e é exclusivamente de tenreiros nados, criados e sacrificados en Galicia, e procede de razas autóctonas e seus cruces e que superaron un rigoroso programa de control que abrangue dende o seu nacemento, crianza, alimentación, transporte e sacrificio, ata a súa presentación da carne no seus puntos de venda.

O Pleno da corporación, cos votos en contra do PSOE e do BNG e cos votos favorables do PP non acadou a maioría necesaria para aprobar a seguinte PROPOSTA:

1º.- Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

2º.- Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

3º.- Manifestar e recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros e gandeiras, así coma dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos, nomeadamente os profesionais galegos, para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria acadando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias”

4º.- Defender dende Concello, como políticos que somos elixidos polo pobo o Sector Primario pois, é o sector máis produtivo e do que máis xentes viven no Concello de Guitiriz, xa que falando mal da carne en xeral fai moitos danos a toda a gandería sexa extensiva ou intensiva,





Concello de Guitiriz

xa que na nosa terra non existen esas macrogranxas, e menos aínda no noso Concello.

5º.- Pedirlle dende o Concello de Guitiriz ao Goberno de España que baixen os prezos da luz e do gasoleo agrícola, xa que vai haber moitas granxas que se pechen ao non poder sobrelevar dita carga económica.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do BNG di que vendo está moción señores do PP parece que non teñen as cousas moi claras. Que é o que defenden, a gandería extensiva ou intensiva, as granxas grandes, as macrogranxas ou as explotacións pequenas?, mesturan todo, e iso non é bó, mesturan España con Galiza e iso falando destes asuntos non se debe facer.

Na Galiza macrogranxas que eu saiba non hai, pode haber algunha granxa grande de pitos ou de porcos, e xa non é novo, aquí en Galiza hai moitos anos que as hai, posiblemente xa había mais que hai hoxe, polo menos no noso Concello.

Na Galiza temos moitas explotacións sobre todo gandeiras, todas teñen un nexo en común, son respectuosas co medio ambiente, dan vida ao medio rural, e producen unha carne de excelente calidade, está mais que claro que é un sector con moito potencial.

Temos unha calidade que destaca por riba do resto do Estado, pero temos un gran problema cos prezos, pois teñen que producir por baixo de custos, unha situación que se vai agravando no actual contesto de inflación, cun incremento constante dos abonos, combustibles ou da factura enerxética. Unha situación insostible e que, entre outros o ministro Garzón ten que traballar para buscar as alternativas para mellorar esta situación.

Moitos galegos e tamén dende o BNG preguntámonos onde está Feijóo, onde está o goberno galego ante unha situación insostible que require medidas e accións para evitar que as explotacións galegas se vexan obrigadas a vender por baixo de custos.

Traen esta moción ao pleno, sen darse conta que están seguindo a estratexia da extrema dereita, déixense de abrazar a bandeira dos “bulos” e poñan en marcha solucións e medidas eficaces para garantir aos produtores galegos prezos xustos da carne que producen.

Queremos que a Xunta, gobernada polo PP faga cumprir a lei da cadea alimentaria, comezando por fixar prezos reais de produción, tamén queremos unha mobilización de terras para favorecer unha cada vez mellor gandería extensiva, non sei si saben que temos mais de 300.000 hectáreas agrarias abandonadas que poden ser mobilizadas para poñelas a disposición do sector e que se aproveiten para mellorar a súa rendibilidade.

A Sra. Alcaldesa di que esta moción non deixa claro o que queremos defender, si ao sector primario, que prevalece no noso concello, que son explotacións de gandería extensiva e non intensiva, explotacións que este equipo de goberno demostrou que quere axudar e para iso fixo unha modificación na ordenanza que regula o ICIO para favorecer que puideran mellorar as súas explotacións ao menor custe posible e dende o goberno central estanse poñendo en practica melloras para que podan desenvolver o seu traballo para gañar o suficiente e non ter que vender por debaixo dos prezos de produción.

A lei da cadea alimentaria, que entre todos debemos facer cumprir, é a que ten que impedir que un produtor agrícola ou gandeiro teña que vender o seu produto por debaixo do prezo de custe.

A Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular ten que demostrar con feitos, adoptando medidas para apoiar aos agricultores e gandeiros de Galicia.

O voceiro do PP di que no concello de Guitiriz a gandería non é so extensiva, é unha mestura entre intensiva e extensiva.

Aquí en Galicia, a gandería si funciona en gran parte é gracias ao goberno autonómico porque é unha competencia autonómica e o Sr. Garzón non ten practicamente competencias, o único que fixo foi falar mal da carne, tanto da intensiva como extensiva.





Concello de Guitiriz

A gandería intensiva non é mala aínda que mellorable, para que a gandería intensiva se minorize a cantidade en tempo e en animais tense que baixar os impostos e non só aos gandeiros tamén aos agricultores.

O Ministro Garzón o que ten que facer é calar e si hai unha bandeira dos “bulos” esa é a do propio Garzón posto que foi contando un bulo.

Nós non estamos de acordo coas chamadas macrogranxas xa que iso é industrializar a propia gandería pero non estamos en contra da gandería intensiva sendo a extensiva a mellor de todas.

O voceiro do BNG di que hai que mencionar tamén a contaminación que producen estas macrogranxas, todos sabemos que está sendo un gran problema desfacerse dos xurros, por iso defendemos as explotacións en extensivo e non en intensivo.

Porqué non se traballa mais na Galiza na investigación?. Porque non se emprega mais diñeiro en I+D+I?, ou estamos agardando a que nos solucionen o problema dende fora. O BNG todos os anos incide nestas cuestións, porque no futuro o que nos agarda e ir aumentando o tamaño das explotacións e polo tanto a alimentación do gando usando cada vez mais alimentos manufacturados.

Dende o BNG entendemos que na Galiza as explotacións teñen que medrar en base de forraxes autóctonos, aumentando a superficie de pastos de terra agraria útil, isto si que crea e fortalece o rural galego, as macrogranxas das multinacionais ou grandes empresas crean algo de emprego, pero non son axeitadas para o noso rural.

Está claro que o ministro Garzón, meteu a pata porque lamentablemente aínda que ten razón, como ministro non o debe de dicir, debería estar calado. O que ten que facer este ministro, e traballar a reo no seu ministerio, para que o produto final das macrogranxas que hai no estado español sexa de mais calidade e destaque nos mercados de toda a Comunidade Europea e no resto do mundo.

A Sra. Alcadesa di que se reitera no dito, o que temos que facer todos é traballar cada un dende a administración que goberna e non poñer paus nas rodas das outras administracións.

No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinasen 83 millóns de euros dedicados a axudas para inversións en sistemas de xestión de subprodutos e deyeccións en gandería para adecuación de balsas, purines etc. Tamén hai 79 millóns dedicados a inversións en agricultura e gandería de precisión e tecnoloxías 4.0 para xeolocalización de gando, aplicación localizada de purines, neste afán de modernizar e axudar a este sector primario para que siga a mellorar en extensivo que é o que en Galicia máis abunda.

Todas estas axudas vanse a tramitar a través das CCAA e teremos que ver como vai facer aquí a Xunta para distribuílas e adxudicalas.

O máis importante é ter claro que a agricultura e gandería, neste concello que é o que a nós nos compete maioritariamente, é extensiva e non intensiva e dende aquí o que imos a facer é seguir apoiando este sector primario que ademais son sostibles medioambientalmente.

O voceiro do PP dí que eles defenden as explotacións gandeiras, na maior parte dos concellos hai menos explotacións que fai uns anos, pero o que ocorre e que se uniron varias familias para traballar e organizarse, co cal onde había tres ou catro explotacións agora hai unha.

Sometido o asunto a votación é rexeitado cos votos en contra do PSOE e BNG e cos votos a favor do PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS





Concello de Guitiriz

ROGOS GRUPO PP

1º- Se poñan máis radiadores nas distintas aulas da escola de música xa que son insuficientes e fai moito frío.

2º- Cando se revisen os contadores da auga deixen as portas dos mesmos pechadas, tal como as atopan pois hai moitas queixas, porque o que non é normal é que se vaian a revisar os contadores a partir das sete da tarde neste tempo xa que é de noite.

3º- Se solucione o problema que hai diante da oficina de Abanca e da farmacia e reparen o socavón.

4º- Se solucione o problema das arquetas diante da ferretería Modesto, antes que os pozos que sosteñen as arquetas se afundan máis, non boten formigón para nivelar o asfalto xa que non é a solución.

5ª- Repasen as estradas municipais xa que están cheas de fochancas pequenas e grandes.

6º- Se poñan en todos os centros de traballo dependentes do Concello un calendario laboral para que todos os traballadores saiban os días que lles corresponde traballar.

7ª- Se poñan en contacto coa Deputación de Lugo para pedirlle que a estatua feita polo escultor Santin se poda recuperar e traela para Parga.

ROGOS GRUPO BNG

1º.- Rogámoslle que asuma que o que está a facer coa recollida dos plásticos agrícolas e cambie a forma de recollida para eliminar estes cinco puntos de contaminación, non se dá conta que está rematando a lexislatura e os vai a deixar igual ou peor que cando comezou. Porqué non se fai o que propuxo o BNG recollendo os plásticos nas explotacións?. Lémbrolle que é a única maneira de acabar con estes cinco puntos de contaminación.

Intervén a Alcaldesa e aclara que se van pechar os puntos de plásticos agrícolas e vanse a recoller nas explotacións, imos empezar pola parroquia de Santa Cruz.

2º.- Rogamos se pinten os pasos de peóns das rúas de Guitiriz e Parga que son competencia do Concello.

3º.- Rógolle de novo que faga un uso adecuado das redes sociais do concello, facendo delas un medio de comunicación veraz, e non de propaganda da institución que vostede preside. De calidade, con información clara, amosando fontes de información e informando da organización de eventos de forma clara e nomeando quen os organiza.

4º.- Rógolle que transforme este medio (as redes sociais e páxina web), nunha canle de información de utilidade e validez para as nosas veciñas e veciños, e tamén para as nosas e nosos comerciantes, hostaleiros, gandeiros e autónomos, poñéndoas ao





Concello de Guitiriz

servizo deles promocionando, publicitando e promovendo o seu traballo do día a día, e así promocionar os seus negocios e as súas explotacións, en definitiva, os seus estilos de vida.

Temos que deixar atrás as grandes cadeas comerciais e grandes superficies e promocionar e publicitar o rural, e todo o que nos rodea, temos que pensar en nós, e poñer ao servizo de todas as persoas que aquí viven e traballan as redes sociais e paxina web, seguro que si así o fai, vai a ser un traballo gratificante e ilusionante para as veciñas e veciños do Concello.

PREGUNTAS

PREGUNTAS GRUPO PP

Preguntas pendentes do pleno anterior:

O coche de Protección Civil que utiliza normalmente o seu vixilante, non o do Concello, o día 5 de febreiro do 2020 marca 17.713 quilómetros, o 14 de setembro do 2021 marca 16.379 quilómetros e o día 13 de outubro do 2021 marca 5.699 quilómetros, quero que se pode explíquenos isto, xa que non sei de que se rin, de vostede, de min ou de todos os veciños e veciñas?

Resposta: Detectamos o erro que había no quilometraxe do coche de protección civil. O coche ten un contador parcial e un total, parece ser que nalgún subministro púxose o contador parcial e noutros o contador total.

Revisamos a ITV de 5/02/2020 e os quilómetros que tiña o vehículo eran 17.713 e o 27/12/2021, dous anos máis tarde o contaquilómetros marcaba 44.298, e dicir, en 23 meses fixéronse 26.585 co que cada mes saen 1155 quilómetros.

Preguntas deste pleno:

1ª. Como están as obras da piscina municipal? Vaise abrir este ano?

Resposta: As obra están en evolución.

2ª. No decreto de 9/12/2021 rectifícanse uns recibos da auga e seguimos a estas alturas cobrando recibos a maiores.

Resposta: Iso é froito dunha equivocación, gobernando vostede había erros nos recibos da auga, gobernando Maria Jose e Regina tamén os había e gobernando eu tamén os hai. Non me parece de recibo esta pregunta por un representante da corporación.

3ª. Con respecto as clases de cerámica pódenos dicir, canto custan ao mes, hai un prezo fixo? No mes de outubro pagáronse 600 euros e e novembro 480 €.

Resposta: en outubro recuperáronse unhas clases que non se puideran dar cando se suspenderon as actividades culturais e de aí a diferenza de recibos entre un mes e outro, pero si que hai un prezo fixo.

4ª. Que valoración fai do informe de desconformidade de varias facturas por parte de intervención?





Concello de Guitiriz

Resposta: Dígame que facturas son exactamente e logo fago a valoración.

5ª. Porque motivo non se mercou dende o concello máscaras para os Colexios de Parga e de Guitiriz e para o Instituto cando vostede se comprometeu a facelo?

Resposta: Porque non nos pareceu que o ano pasado se lles dera o uso que se lles debería ter dado a esas máscaras en proporción ao que se inverteu nelas e decidimos non facelo, pero colaboraremos noutra cousa cos cartos que temos para educación.

6ª. Tras apertura da pista de padel, todos os seus servizos están en regra para podelos usar, entre eles os baños?

Resposta: estamos pendentes de que Adif nos de autorización para canalizar o saneamento por alí e esta rede de saneamento non ía incluída na obra que se contratou.

7ª. Na visita ao noso concello do Delegado do Goberno en Galicia envioume un correo electrónico para comunicarnos a mesma, o día anterior a mediodía, pero cal foi o motivo de que so puideran asistir os voceiros da corporación?

Resposta: o protocolo que me enviaron dicía que podía decidir invitar ou non aos voceiros e eu decidín invitalos.

8ª. Parécelle normal poñer unha marquesiña no cruce de Ferreira, en plena dobre curva no lugar do Buxio en Parga?. Si algún día hai un accidente o responsable será o concello.

Resposta: a marquesiña púxose a petición das familias.

9ª. No escrito que presentaron os sindicatos en relación as diferencias que existen a hora de tratar aos traballadores por igual, vains dar algunha explicación?

Resposta: xa lle contestei ao Comité de Empresa que foi quen me presentou o escrito.

PREGUNTAS GRUPO BNG

Preguntas deste pleno:

1ª.- Veu vostede como quedaron as beirarrúas da Rúa Río Forxá despois de rematada a obra de saneamento.

Resposta: non me dou conta de como quedou pero achegareime a mirar.

2ª.- Aparece nos decretos unha factura de 8.090 euros de “esculturas para edificios do Concello” con cargo o remanente de tesourería e con data do último día do ano 2021. En que edificios están colocadas e cando decidiu facelas.?

Resposta: Non son con carga e remanente de tesourería, son incorporacións de remanente do ano anterior. Son as catro esculturas que hai na Casa Consistorial e a que se puxo en Parga donde estaba a fonte na estación.

3ª.- Imaxinamos que entre a oficina da Banca e a farmacia hai un socavón ou un foxo





Concello de Guitiriz

importante porque esta tapado con unhas pranchas de ferro dende hai tempo, moito antes do que saíu na rúa boa Veciña e que por certo en 10 días estaba reparado, porqué non se amaña?

Resposta: xa esta orzamentado e a memoria feita para arranxalo.

4ª.- No decreto do 30/11/2021, (decreto 969), fala de unha addenda ao convenio con Augas de Galiza para a mellora da ETAP (Estación de Tratamento de Augas Potables) por un importe de 128.312 euros, este convenio asinouse o 17/03/2021, pódenos explicarnos os motivos desta addenda.

Resposta: Porque Augas de Galicia inicialmente comprometeuse a financiar 1/3 do proxecto pero tendo en conta a subvención que nos daba o IDAE, a parte da Xunta de Galicia non coincidía exactamente con ese terzo por iso modificouse o convenio para poñer esa cantidade en concreto para logo non verse comprometidos e ter que aportar mais cartos.

5ª.- O día 19 deste mes vostede mesma me amosou a pista de padel e o resto de obra que se fixo na nave do SENPA. Como xa lle comentei ese día, os vestiarios e servizos de aseo non son os mellores que se podían facer. Tamén sei que vostede e consciente das deficiencias que ten a pista de xogo porque así llo transmitiron algúns xogadores. Tendo en conta o orzamento destinado a esta obra, parécelle aceptable o resultado final deste proxecto?.

Resposta: Estamos pendentes de que veñan a solucionar as pequenas deficiencias que quedaron.

6ª.- Diante destas deficiencias de construción que ten a pista de Padel, hai prevista algunha actuación para arranxalas, nós imaxinamos que temos garantía da empresa construtora para arranxar os defectos que ten?

Resposta: O director de obra e de execución xa se puxeron en contacto coa empresa para que se emenden as deficiencias que hai na pista de xogo.

7ª.- Porqué se recepcionou esta obra sen estar rematada, que prazos temos para reclamar a empresa construtora.

Resposta: a obra non incluía a cometida de auga.

8ª.- Como pode ser que estando prohibido fixar calquera elemento nun espazo público, por exemplo furar nas beirarrúas, ten vostede o atrevemento de colocar por segundo ano consecutivo a carpa de nadal furando a pedra do Campo da Feira, (non sei se sabe que xa hai corenta pedras con furados), e por riba cada ano en sitios diferentes. O goberno do Concello está exento do cumprimento das normas que son obrigatorias para a cidadanía?

Resposta: O goberno non esta exento de cumprir ningunha norma, pero si para realizar as actividades é necesario colocar unha carpa entón hai que furar as pedras para poder colocala.

9ª.- Pode dicirnos se existe algunha recollida de lixo en contedores personalizados e





Concello de Guitiriz

individuais nalgún dos negocios deste Concello ?

Resposta: Cando se quitaron os contenedores da Rúa do Mercado ofrecéuselles aos negocios que se viron afectados pola decisión si querían un contenedor no seu establecemento e só quixo un.

10ª.- Aínda non me contestou dende o pleno de orzamentos, cantos empregados temporais orzamentados ten o día de hoxe o Concello.

Resposta: Prazas con procesos convocados e que están pendentes de realizar o proceso selectivo hai cinco e prazas pendentes de convocar o proceso selectivo hai catro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

